# Os Áridos 2

## Lagartiño e o futuro da canteira

Manel Cráneo





**OS ÁRIDOS 2**
**Lagartiño e o futuro da canteira**
**1ª edición:** 2018
© pola autoría, Manel Cráneo, 2018
© pola presente edición, ARIGAL, 2018
**Dep. legal:** C 2174-2018
Impreso en Galicia

**Edita:** ARIGAL
**Produción:** APORTA
**Guión e debuxos:** Manel Cráneo

Axúdanos a repoboar esta canteira convertida agora en lagoa. Debuxa na ilustración todas as especies que atopes nas páxinas do cómic.


UN DÍA MÁIS NA CANTEIRA TODO VAI BEN,
OU POLO MENOS ISO PARECE...
CANTEIRA


ASÍ QUE TENDO EN CONTA O REMATE DA CONCESIÓN, PASAREMOS A PECHAR A CANTEIRA, CO QUE ISO SUPÓN.
ESTÁ O PLAN EN MARCHA, DIRECTOR. O VINDEIRO LUNS COMEZAMOS CO DESMANTELAMENTO.
POLAS MIÑAS BUXÍAS! PERO DE QUE DEMOS FALAN?
UN TRABALLO FANTÁSTICO, RAÚL, GRACIÑAS!
UN PRACER CONTRIBUÍR.
PLAN
VAN A PECHAR A CANTEIRA? NON PODO CRELO.
QUEN SERÁ O RAÚL ESE? QUE MOSQUEO!
QUEDAREI SEN TRABALLO. QUE RUÍNA!
2-6


CO BEN QUE O PASO EU CONTRIBUÍNDO AO DESENVOLVEMENTO DA HUMANIDADE! NA CANTEIRA TEMOS SACADO ÁRIDOS PARA FACER UNHA MOREA DE COUSAS BOAS!


HOSPITAIS E CENTROS DE SAÚDE ONDE CURAN E SALVAN VIDAS.
HOSPITAL
URXENCIAS


E OS MUSEOS? CANTO NON GOZAMOS COA OBRA DOS GRANDES ARTISTAS. EU SON MOI FAN DA ESCULTURA EN MÁRMORE!


OU AS INFRAESTRUTURAS. AUTOESTRADAS E VÍAS FERROVIARIAS QUE NOS PERMITEN MOVERNOS POLO MUNDO!


MESMO OS FAROS QUE EVITAN MOITOS ACCIDENTES MARIÑOS!


QUE VAI SER DA MIÑA VIDA? QUE FAREI SE XA NON PODO LEVAR CARGAS DUN LADO PARA OUTRO.
QUE MISERIA! ISTO PODERÍA SER O MEU TRISTE FIN.
QUE MEDO! IGUAL ME DESPEDAZAN!
BROOM
LAGARTIÑO, COLEGA. QUE FAS AÍ ARRIBA? TIRA DURMIR QUE MAÑÁN TEMOS LERIA, OH!


NON TEÑO SONO... CHOVE NO MEU CORAZÓN DE FERRALLA!
MÁIS CHOVE FORA, OH!


QUEN ES TI?
SON ROQUE. VIVO AQUÍ, NAS PAREDES DA CANTEIRA.
AI SÍ? POIS QUE SAIBAS QUE POUCO CHE QUEDA. POLO QUE ESCOITEI, VAN PECHALA, COLEGA!
E ISO É ALGO QUE CHE PREOCUPE?


SÍ QUE ME PREOCUPA, E DESCULPA SE ANTES NON ME FIXEI EN TI. ANDO MOI LIADO SEMPRE. PERO AQUÍ NA CANTEIRA RESPECTAMOS MOITO A NATUREZA.
NOS GUSTA MANTER A CANTEIRA EN ARMONÍA CO ENTORNO E TEMOS UN PLAN PARA IR REHABILITANDO AS ZONAS ONDE XA NON EXTRAEMOS.
XA O NOTEI, XA! ASÍ QUE NON ENTENDO A TÚA TRISTURA.
PENSO EN TODAS AS COUSAS BOAS QUE FIXEN AQUÍ E NON PODO ENTENDER QUE TODO REMATE PARA SEMPRE, ROQUE.
AO PARECER, O DIRECTOR TEN UN PLAN SEGREDO CUN TIPO DE BARBAS QUE EU NON COÑEZO, UN TAL RAÚL. ESCOITEINOS FALAR DO PLAN DE PECHE.


QUE MÁGOA QUE PECHEN. SOMOS UN SECTOR CUN NIVEL BAIXÍSIMO DE RISCOS LABORAIS. SABÍAS? TEMOS UN PERSOAL MOI PRO!
ESTÁ MARÍA, A TÉCNICA DE LABORATORIO. UNHA CRACK!
FERMÍN, O ARTILLEIRO ESPECIALISTA EN EXPLOSIVOS. UN TIPO MOI SEGURO.
CARLOS O ENXEÑEIRO, QUE FAI TODO O PLAN DE TRABALLO, QUE ALUCINAS!
OU O XAN, QUE MANEXA A PALA EXCAVADORA COMA NUNCA SE VIU. UN FENÓMENO! E ASÍ MOITOS TRABALLADORES MÁIS QUE TEMOS NA CANTEIRA...
TAMÉN TEMOS A ANA, A ADMINISTRATIVA QUE XESTIONA A OFICINA QUE NON VEXAS! NON HAI DETALLE QUE SE LLE ESCAPE.
ARIGAL


E QUERES QUE CHE ENSINE O QUE FACEMOS PARA IR REPOBOANDO A CONTORNA?
SE QUERES SÍ, PERO IGUAL XA CHO SEI, EH!


VEN CONMIGO, ROQUE!
IMOS!


VELAÍ TES UNHA LAGOA XA EN MARCHA E PANTALLAS VEXETAIS QUE FACEMOS PLANTANDO ÁRBORES, COMO O VES?
POIS VOANDO VÉXOO TODO DE ALTO NIVEL!




TEMOS UN MONTÓN DELES E IGUAL, CANDO PECHEN A TÚA CANTEIRA, PODES TRASLADARTE A TRABALLAR NOUTRA E COÑECER NOVOS ÁRIDOS QUE MOLAN, COMO POR EXEMPLO ESTES:




XA, PERO EU NON ESCOITEI NADA DISO, SÓ MALAS NOVAS. SEGURO QUE ME ENVÍAN PARA CHATARRA!
NON SEXAS AGOREIRO, OH!
MIRA, VOUCHE ENSINAR ALGO.
ANDA, VEN POR AQUÍ QUE CHEGAREMOS VOANDO!
SI, OH! VOANDO CHEGARÁS TI. EU VOU RODANDO!


SANTOS MOTORES! PERO A ONDE ME LEVAS?
A ESTE PASO CHEGAMOS ÁS NUBES!
NAS NUBES ANDAS TI, LAGARTIÑO, QUERO QUE ABRAS OS OLLOS!
CHEGAMOS!


GUAUUU! POR TODA A CUARCITA DO MUNDO!
FLIPAS UN MAZO, NON SI?
FLIPO A CATRO RODAS!
TUUUTUUU


PEDAZO DE VISTAS QUE HAI DESDE AQUÍ, ROQUE. QUE LINDA PANORÁMICA!
POIS DESDE AQUÍ QUÉROCHE ENSINAR EU UNHAS CANTAS COUSAS...


MIRA BEN, AQUEL POLÍGONO DE ALÓ EMBAIXO ANTES ERA UNHA CANTEIRA.
AGORA SUBMINISTRAN ROUPA, ALIMENTOS, MEDICAMENTOS E UNHA MOREA DE COUSAS NECESARIAS PARA A SOCIEDADE.
ZUMES GUAI
PRECOCIÑADOS PIPO
PATACAS FRITOLAS


E MIRA AQUELA OUTRA CANTEIRA. QUE MARABILLA! CONVERTÉRONA NUNHA LAGOA, UN ESPAZO DE RESERVA DA BIOSFERA. MOLA, EH?


E SE QUERES OUTRO EXCELENTE EXEMPLO DE RESERVA DA BIOSFERA EN GALICIA TES AS AREEIRAS DA LIMIA.
ONDE ATOPARÁS ESPECIES COMO O MERGULLÓN, A ANDURIÑA, CEGOÑAS, PÍLLARAS AREEIRAS, GALIÑAS DE RIO, LAVANDEIRAS, MAZARICOS, GARZAS, AVEFRÍAS E MOITAS MÁIS!


E AQUELA ZONA DE RECREO CON LAGOA QUE VES AO LONXE, ONDE PRACTICAN DEPORTES ACUÁTICOS E A XENTE FAI PÍCNIC, TAMÉN ERA UNHA CANTEIRA.
XENTE DE TODAS PARTES PRACTICA DEPORTE AÍ. ISTO XENEROU EMPREGO LOCAL. OS MONITORES DEPORTIVOS SON XENTE DA VILA.
ASEOS
ÁREA RECREATIVA
MARCELO, PARA XA! QUE É HORA DE XANTAR!
PERO SE SON AS ONCE DA MAÑÁN!
TI ES MOI LISTO! O QUE QUERES É QUE BAIXE PARA COLLER A MIÑA EMBARCACIÓN. TURURÚ!


E ALÍ AO LONXE, VES AQUEL EDIFICIO TAN IMPRESIONANTE? É O PAZO DA ÓPERA.
ANTES ERA UNHA CANTEIRA DE ÁRIDOS E AGORA É UNHA CANTEIRA DE MÚSICOS. ALUCINA!
DE BOA GANA CANTARÍA EU NO SEU CORO.
XA SOLICITEI O INGRESO MAIS POLO DE AGORA NON ME DIXERON NIN PÍO, HA, HA, HA!
MOZART
DEBUSSY


BUAH, NENO! ALUCINANTE!
POIS DE SEGURO QUE NA NOSA CANTEIRA ALGO BO TERÁN PENSADO.
E NON SÓ A NIVEL MEDIO AMBIENTAL. SEGURO QUE PARA TI TAMÉN TERÁN NOVOS PLANS DE TRABALLO. XA VERÁS!
SI, PERO ATA QUE O VEXA NON O CREO.
TRANQUI!
MAÑÁN IREI ESPIAR Á OFICINA E XA CHE CONTO!
AGARDO QUE TODO REMATE BEN!



Á MAÑÁ SEGUINTE...
POÑEREMOS AO NOSO EQUIPO A TRABALLAR NA RESTAURACIÓN DO ESPAZO MAÑÁ MESMO.
E AO REMATE DESTINAREMOS A LAGARTIÑO E AOS DEMAIS A TRABALLAR NA NOVA CANTEIRA NO LESTE.




POIS SI, COLEGAS, PARECE QUE AÍNDA QUE PECHAN A CANTEIRA NON IMOS QUEDAR SEN CHOIO.
E LOGO TI COMO SABES ISO, LAGARTIÑO?
DÍXOMO UN PAXARIÑO, HE, HE, HE!
HE, HE, HE! UN PAXARIÑO? MOI GRACIOSO!
2-6


BOA TARDE! COLEGUIÑAS DA FRAGA!
VEÑO AVISARVOS QUE NA CANTEIRA PRÓXIMA IDES TER UN NOVO HABITAT!
XA SABEDES. ALÍ SEREDES BENVIDOS!
SSSSH! UNS MÁIS CA OUTROS, HE, HE!
QUE BEN, EU ESTABA PENSANDO EN MUDAR.
XENIAL, PORQUE NA MIÑA TOUPEIRA XA SOMOS MOITOS!
EU TAMÉN VOU! QUE XA TIÑA GANAS DE EMANCIPARME!
CONTADE CONMIGO TAMÉN!


AQUÍ TEMOS OS PLANOS. MIRADE QUE MARABILLA DE ESPAZO!
EMBARCADOIRO
LAGOA
OBSERVATORIO DE AVES
LEVOU MOITO TEMPO E ESFORZO CHEGAR ATA AQUÍ MAIS, PAGOU A PENA.
QUE CHULADA! ESTOU DESEXANDO TRAER ÁS MIÑAS FILLAS.
PRAIA
APARCADOIRO
PARQUE INFANTIL.


ESTIMADA FROTA! ESTAMOS MOI SATISFEITOS E ORGULLOSOS DO VOSO TRABALLO MAIS AÍNDA QUEDA UN ESFORZO FINAL NESTA CANTEIRA.
ESTIVEMOS TRABALLANDO MAN A MAN CON RAÚL, O NOSO BIÓLOGO, PARA FACER DESTE ESPAZO UN LUGAR INESQUECIBLE!
POR TODO A PEDRA DO MUNDO! OU SEXA QUE O RAÚL ESTE É UN BIÓLOGO!
VEÑA, A CURRAR A TOPE!
QUE GANAS POÑEN ESTES NO TRABALLO.
SON UNS CRACKS!
2-6
SI, É TOTAL! ENCÁNTAME A IDEA!
QUE BEN, QUE ILUSIÓN ME FAI ISTO. O PLAN ESTÁ GUAI!
A TRABALLAAAAAR!!


O SEGUINTE VERÁN, DESPOIS DE MOITOS MESES DE TRABALLO E ESFORZO A CANTEIRA ESTÁ TRANSFORMADA.
QUEDOU ATRÁS A VELLA VIDA DE EXTRACCIÓN DANDO PASO A UN NOVO PERÍODO NO QUE A BIODIVERSIDADE E O LECER MARCAN AS PAUTAS DO LUGAR.
NUNCA PENSEI QUE A VELLA CANTEIRA PUIDERA DARNOS TANTA VIDIÑA!


DIANTRES! QUE FAI AÍ LAGARTIÑO?
GRAZAS POR TRAERME, ISTO NAMORA!


QUE ANDAS A FACER?
POIS XA VES, ESTOU LENDO UN CÓMIC ANTES DE REINCORPORARME AO MEU NOVO POSTO DE TRABALLO NA CANTEIRA DO LESTE!
NON VAS CRELO, EDITOUNO ARIGAL PARA CONTAR A NOSA HISTORIA.
E NON VEXAS QUE GUAPOS NOS DEBUXARON!
SSSSSH! INCLUSO A MIN! HE, HE!
EU XA O LIN. ARRASA!
POIS SI QUE TEN PINTAZA. IMOS FACERNOS FAMOSOS!
EU TAMÉN QUERO LELO!

Dalles cor a Lagartiño e a Roque.



Sabes como se chama cada un destes áridos? escribe os seus nomes.



**Un día, o camión dumper, Lagartiño escoita algo na oficina da canteira que o pon en alerta. Parece que a van pechar e quedará sen traballo.**
**Mais na vida, non todo é o que parece e, ás veces, un novo amigo pode axudarnos a resolver os problemas.**

ARIGAL
ASOCIACIÓN GALEGA DE ÁRIDOS

Co financiamento de |
XUNTA DE GALICIA